

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

I SEMANA DE POESÍA SALVAXE

A palabra reconquista as rúas en Ferrol

Entre o 16 e o 19 de abril haberá versos nos mercados, nas capelas, nos museos e nas prazas, da man de Carlos Oroza, María Lado, Lucía Aldao ou Camilo Franco.

Redacción - 11:00 13/04/2008

Será un golpe de estado non violento, sempre que ninguén opoña resistencia. A poesía tomara as rúas de [Ferrol](#) durante catro días, empregando a voz e palabra, e deixando os libros na casa, unha semana de axitación poética, na que os artistas percorreren as rectilíneas rúas de Ferrol, megáfono en man, elevando a voz da poesía "sobre o ruído do cotián", e "reivindicando a forza da oralidade" sobre o texto inmutábel e domesticado.

No programa destaca a xornada do venres, na que Carlos Oroza fará a presentación mundial do seu novo espectáculo polético: *Donde la noche da la mano al día*. Oroza, nacido en Viveiro en 1931, cofundou a *Revista Tropos* e foi integrante do movemento beat. Publicou os libros *Eléncar* (1974), *Cabalum* (1980), *Alicia* (1985), *Una porción de tierra gris del norte* (1996), *En el norte hay un mar que es más alto que el cielo* (1997) e *La llama prestada* (1998).

Os outros poetas que recitarán os seus textos na rúa, en museos, nas prazas, nas bibliotecas ou na capela (si, capela) da Fundación Torrente Ballester, serán María Lado e Lucía Aldao, Camilo Franco acompañado de Magín Blanco, David González, Estevo Creus ou O Leo. A semana rematará cunha jam session, o sábado á noite, na que participarán todos os poetas. Ademais, todas as actuacións serán gravadas en vídeo, co que se compondrá posteriormente un documental.

Programa d'A Palabra Encarnada

Mércores 16

18.30. Guillermo Ferrández & Karlotty (Quiosco do Cantón)

23.00. María Lado e Lucía Aldao (Pub Cazadores)

Xoves 17

12.30. Víctor Díez (Rúa Real e Praza de Amboaxe)

21.00. David González (Capela do Centro Torrente Ballester)

22.00. Camilo Franco e Magín Blanco (Capela do Centro Torrente Ballester)

Venres 18

12.30. O Leo (Mercado da Praza de España)

21.00. Carlos Oroza; Presentación mundial do seu novo espectáculo polético: *Donde la noche da la mano al día* (Biblioteca Central de Ferrol)

Sábado 19

12.30. Estevo Creus (Mercado da Magdalena)

19.00. Jam Session poética, conducida por Manuel Cortés (Capela do Centro Torrente Ballester)